

AXENDA

Prezada comunidade:

Entre outras novidades, compartimos nesta newsletter a incorporación de ECOBAS como membro da **Alianza Galega polo Clima**, iniciativa encamiñada a intensificar o noso labor de divulgación á sociedade e a nosa contribución expresa á mitigación e adaptación ao cambio climático mediante a xeneración de coñecemento científico de utilidade para o tecido empresarial, industrial, servizos, organizacións cívicas e sociais, entidades e organismos, públicos e privados.


Ademais, continuamos avanzando no traballo sobre o **modelo de transferencia do coñecemento** en ECOBAS, para o que lanzamos o **itinerario de innovación para a transferencia**, serie de talleres para o persoal membro do noso Centro, que terán lugar entre marzo e abril.

ITINERARIO DE INNOVACIÓN PARA A TRANSFERENCIA ECOBAS



SAVE THE DATE! A área de Transferencia de ECOBAS lanza esta serie de workshops **exclusivos para o persoal investigador do Centro**.

- Datas: Xoves **7, 21 de marzo e 2 de abril 2024**
- Horario: de **9:30 a 12:00 h (CET)**
- Destinatarios: persoal investigador de ECOBAS
- Formato: **híbrido (presencial/online) síncrono**
- Lugar: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC (Campus Norte - Santiago de Compostela)
- Facilitadora: Noelia Rodríguez, managing director The Beta Factor
- Máis información: comunicacion@ecobas.gal



VENRES
01/03
12.00 h



>>> SEMINARIO DE INVESTIGACIÓN ECOBAS



Dado o interese suscitado e co fin de poder completar o percorrido desta actividade, buscamos a oportunidade de reeditar o seminario de Investigación "**A Two-Wave Death History: Fentanyl Overdoses in the US, Bullets in Mexico**", **Iván López Cruz** volverá a compartir os achados da súa investigación sobre o vínculo entre a epidemia de fentanilo en EEUU partir de 2013 e unha segunda ola de violencia relacionada coas drogas en México.

- Data: venres **1/03/24 ás 12:00 h**
- Formato: **ONLINE**

PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



»»» **ECOBAS, MEMBRO DA ALIANZA GALEGA POLO CLIMA**



A axenda científica de ECOBAS está pensada e dirixida á transformación cara a unha economía e un desenvolvemento sostible, igualitario, resiliente e climaticamente neutro. Neste punto, **mitigar o impacto do cambio climático e traballar na adaptación da nosa sociedade e a nosa economía** require de múltiples mecanismos para unha transición enerxética sostible, que analice as implicacións dende a perspectiva de **equidade e xustiza**, prestando especial atención a quen máis poida perder neste proceso.

Con esta orientación traballa o equipo investigador de ECOBAS, dende unha perspectiva holística e multidisciplinar, e por iso o noso Centro vén de adherirse ao **Memorando de Entendemento da Alianza Galega polo Clima**, ao que nos sumamos para contribuir ao obxectivo común dende a nosa aportación de coñecemento científico.

A Alianza Galega polo Clima é unha iniciativa que aboga pola búsqueda de medidas comúns e coordinadas que xeneren sinerxias na acción climática en Galicia. Esta Alianza reúne a organizacións dispostas a asumir un compromiso para avanzar na mellora do medio ambiente, a consecución dos ODS e a Axenda 2030. Inclúe empresas, colexios profesionais e sindicatos, así como organizacións da sociedade civil e administracións públicas dispostas a compartir as súas experiencias e contribuir á consecución dunha Galicia neutra.



»»» **NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL ECOBAS**

Rivaroli, S.; Calvia, M.; Spadoni, R.; Tartarini, S.; Gregori, R.; Calvo-Porrá, C.; Canavari, M.

[Sensory Perception and Willingness to Pay for a Local Ancient Pear Variety: Evidence from In-Store Experiments in Italy](#)

Foods, Vol. 13, Núm. 1

Couñago, E.; García-Pintos, A.; Caballero, G.; León-Mateos, F.

[Analysing Coastal Flood Risk: Assessing the Impact on Critical Water Infrastructures](#)

Water Resources Management

Quintás, M.A.; Martínez-Senra, A.I.

[Are small and medium enterprises defining their business models to reach a symbolic or substantive environmental legitimacy?](#)

Journal of Environmental Planning and Management

Pérez-Moure, H.; Lampón, J.F.; Cabanelas, P.

[Mobility business models toward a digital tomorrow: Challenges for automotive manufacturers](#)

Futures, Vol. 156

Ferro-Soto, C.; Padín, C.; Otero-Neira, C.; Svensson, G.

[Modeling Partners' Behavior in Long-Lasting B2B Supply Chain Relationships](#)

Mathematics, Vol. 12, Núm. 3

RECURSOS HUMANOS



>>> PROCESO DE SELECCIÓN: XESTOR/A DE I+D

O Centro de Investigación Interuniversitario ECOBAS selecciona unha persoa para o posto de xestor/a de I+D en Vigo. Os requisitos e procedemento para a presentación de candidaturas está accesible no [Concurso de Méritos 0424 da Universidade de Vigo](#):

- Data límite presentación candidaturas: luns **04/03/24 ás 23:59 h**
- [Click aquí para acceder ao procedemento](#)
- Referencia da oferta: **0424-127173**

AXUDAS Á INVESTIGACIÓN PREDOUTORAL NO SUG | XUNTA DE GALICIA

PRAZO: ABERTO **ATA 19/03/2024 - 23:59 H**



>>> AXUDA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR PREDOUTORAL EN FORMACIÓN ASOCIADO AO PROXECTO PID2022-139974NB-I00 CONTABILIDADE E CONTROL DE XESTIÓN EN PEQUENAS EMPRESAS E STARTUPS: IMPLICACIÓNS NUN CONTEXTO DE ALTA INCERTIDUME

A Universidade de Vigo abre este procedemento asociado aos "Proyectos de Generación de Conocimiento, 2022 (FPI 2023):

- Duración do contrato: 4 anos
- Data fin de solicitudes: **12/03/24**
- [Click aquí para acceder ao procedemento](#)

>>> AXUDAS Á INVESTIGACIÓN PREDOUTORAL | FUNDACIÓN BANCO SABADELL

A Fundación Banco Sabadell convoca 15 axudas á investigación científica para aspirantes pre doutorais de nacionalidade española que estean en proceso de realización da tese de doutoramento en calquera universidade española.

As axudas serán destinadas á promoción e o desenvolvemento de traballos científicos e outras actividades relacionadas coa tese de doutoramento nos eidos das **Ciencias Sociais** e as Humanidades.

- **Prazo** de solicitudes: ata o **01/04/2024**
- **Descarga aquí as bases da convocatoria**
- [Acceso ao formulario de solicitude vía web](#)



PERSOAL INVESTIGADOR



CONVOCATORIA DA AEI PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO R3



A Agencia Española de Investigación (AEI) vén de publicar a segunda convocatoria para a obtención do certificado R3 como persoal investigador establecido.



- [Ficha completa da convocatoria](#)
- [Presentación da AEI co resumo da información clave](#)
- Solicitudes **ata o 13/03/2024**

>>> AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL NAS UNIVERSIDADES DO SUG, NOS ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA E NOURAS ENTIDADES DO SISTEMA DE I+D+I GALEGO


A finalidade do programa de axudas á etapa de formación posdoutoral é incrementar a incorporación de persoal investigador ao Sistema de I+D+i galego fomentando, na súa etapa inicial, a adquisición e perfeccionamento das habilidades propias do persoal investigador doutor, mediante contratos nos axentes que conforman o sistema e permitindo a súa mobilidade internacional para mellorar a súa formación e capacitación.

- **UVigo:** preselección interna de candidaturas; as persoas interesadas deberán presentar unha declaración de interese, acompañada da documentación e sinaturas indicadas para cada caso, **antes das 14.00 horas do día 29 de febreiro**. [Acceso ao procedemento interno da UVigo](#).
- **USC:** [Acceso á guía informativa e documentación asociada](#)

>>> AXUDAS PARA COMPLETAR A ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL

[Ligazón á convocatoria no DOG](#)

OPORTUNIDADES DE FINANCIAMENTO



XORNADA DE PRESENTACIÓN: SUSTAINABLE BLUE ECONOMY PARTNERSHIP (SBEP)



GAIN organiza esta xornada para a presentación da nova convocatoria do denominado Sustainable Blue Economy Partnership (SBEP), que financia proxectos que teñan que ver con todos os sectores relacionados co mar.



Sustainable Blue Economy Partnership

- Formato híbrido: online e presencial
- Ubicación: Santiago de Compostela (sede de GAIN)
Rúa Airas Nunes, s/n, Santiago de Compostela
- [Descarga o programa da xornada](#)
- [Consulta o documento completo da convocatoria do SBEP](#)
- [Accede á web do SBEP](#)



PRESENTACIÓN CONVOCATORIAS HORIZONTE EUROPA DO CLÚSTER 5: ENERXÍA



Nesta xornada presentaranse as convocatorias HE relacionadas coa **enerxía aplicada a calquera sector**, non soamente ao enerxético, e que teñen data de peche na segunda metade de 2024.




- Formato híbrido: online e presencial
- Ubicación: Santiago de Compostela (sede de GAIN)
Rúa Airas Nunes, s/n, Santiago de Compostela
- [Descarga o programa da xornada](#)
- [Consulta o documento completo da convocatoria do Clúster 5: Enerxía](#)

>>> CONVOCATORIA EENERGY



O proxecto EENergy destina 9 millóns de euros a unha convocatoria para que pemes europeas (ata 10.000€ por peme) poidan realizar actividades, compras ou integracións **que melloren o seu gasto enerxético global cun mínimo do 5 %**.



REQUISITOS: as pemes deben traballar con asesores especializados en sostibilidade da Enterprise Europe Network, que axudarán a deseñar un plan de acción de eficiencia enerxética personalizado e presentar a súa solicitude.

- [Descarga o documento completo coas bases da convocatoria EENergy](#)

COMUNIDADE



>>> “ESG: PANCA ESTRATÉXICA DE COMPETITIVIDADE”

7 MARZO
19:30 h

Comeza o ciclo de conferencias “En Código Aberto” da Cátedra Inditex-UDC de Sostibilidade que dirixe a investigadora permanente de ECOBAS, **Marta Rey**.

“ESG: Panca estratéxica de competitividade” é o título da primeira charla deste ciclo, a cargo de Concha Iglesias, socia líder de Sustainability → Climate de Deloitte España.

- Formato: **presencial**
- Lugar: Reitoría da Universidade da Coruña
- Necesaria **inscrición previa**. [Ligazón ao formulario aquí](#).



XXV XORNADAS DE ECONOMÍA INTERNACIONAL E XII MEETING ON INTERNATIONAL

ECONOMICS



- Call for papers: Data límite **04/03/2024**.
- Máis info na web oficial:
<https://aeeфи.com/en/cie/>

A Asociación Española de Economía y Finanzas Internacionales (AEEFI) e o Instituto de Economía Internacional (IEI, Universidad de Alicante) celebran a XXV edición do seu Congreso Internacional os días 13 e 14 de xuño de 2024 en Alicante.

AEEFI outorgará un Premio ao mellor traballo presentado nas Xornadas para Xóvenes Investigadores e todas as persoas autoras que participen na conferencia terán a oportunidade de enviar os seus artigos ás seguintes revistas:

- Colección de artigos do Journal of Applied Economics.
- Revisión acelerada (“Fast-track”) nas revistas Economic Modelling e Economics Analysis and Policy.

10TH ATLANTIC WORKSHOP ON ENERGY AND ENVIRONMENTAL ECONOMICS

10th Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics

A Toxa, Galicia (Spain)
20 and 21 June 2024

Os días 20 e 21 de xuño de 2024 terá lugar na illa de A Toxa a décima edición do Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics que organiza Economics for energy coa colaboración de ECOBAS e o Grupo REDE.

- [Call for papers](#). Data límite: **01/05/2024**.
- [Programa do evento](#)



>>> PREMIOS FUNDACIÓN BANCO SABADELL

- **XXIII Premio Fundación Banco Sabadell á Investigación Económica:** dirixido a investigadores españois nos eidos económico, empresarial e social, que contribúan á análise e a formulación de alternativas que promovan o benestar social.

[Accede ás bases do premio á Investigación Económica](#)

- **III Premio Fundación Banco Sabadell á Sostibilidade Mariña:** pon en valor o traballo do persoal científico español no eido da sostibilidade mariña, na explotación sostible dos recursos mariños e na rexeneración do seu capital natural.

[Accede ás bases do premio á Sostibilidade Mariña](#)

Prazo presentación candidaturas:
ata o **1 de abril de 2024**



CHAMADA A MEMBROS ECOBAS

Lembrede que precisamos que nos fagades chegar as vosas **novidades** en produción científica e transferencia do coñecemento: publicacións máis relevantes, colaboracións, accións de divulgación, participacións en congresos, comités... e todo canto consideredes que pode ser de interese para a nosa comunidade. Escríbidenos a comunicacion@ecobas.gal

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

